**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZ DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS**

**Expte: 2022/G007/00004**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e corenta e cinco minutos do dia dez de febreiro de dous mil vinte e dous, ten lugar reunión en primeira convocatoria da Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten todos/as os/as seus concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa.

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

**Orde do Día**

PARTE RESOLUTIVA

**1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DO 27.01.22 (ORDINARIA).-**

A acta da sesión do 27.01.22, quedou aprobada polo Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos membros que asistiran a dita sesión.

**2º.- SOLICITUDE AMPLIACIÓN PRAZO EXECUCIÓN DE OBRA: "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN OBRAS EN FACHADA E CARPINTERÍAS EN CENTRO DE SAÚDE DE VALDOVIÑO.-**

**Expte.: 2021/C003/000006**

Dáse conta de que en data 07.02.22 e con núm. de rexistro 202299900000140, don Eulogio Viñal Iglesias, actuando en representación da empresa "EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A.", NIF A-15352735, presenta escrito de petición de prórroga por prazo de CATRO MESES para a execución da obra "Proxecto básico e de execución obras en fachada e carpinterías en Centro de Saúde de Valdoviño" da que dita empresa é adxudicataria.

Xustifica a súa petición debido a problemas de desabastecemento e subministro que está sufrindo o sector da construción están xerando o retraso na entrega de materiais , coa seguinte demora na execución das obras e que as anteriores circunstancias non son imputables ao contratista.

FIRMADO POR Carlota González Navarro (FECHA: 14/02/2022 12:10:00) , Alberto González Fernández (FECHA: 14/02/2022 16:26:00)
Versión imprimible
CVD: kVw/S5zeQ8SVRyGZPpos
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONSIDERANDO que o artigo 195.2 da LCSP dispón que: *"Se o atraso se produce por motivos non imputables ao contratista e este ofrece cumprir os seus compromisos se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándolle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pida outro menor."*

Considerando os antecedentes descritos e os preceptos de aplicación, se deduce que quedan acreditados os requisitos necesarios para a concesión da prórroga solicitada,

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

**Primeiro**.- Acceder á petición formulada e así pois, aprobar a ampliación de prazo solicitado de catro meses na execución das obras. O acta de reformulo foi celebrada en data 12.11.21 e a duración da obra de 77 días, a cal finalizou o 28.01.22. A nova data de remate da obra é o 28 de maio de 2022.

**Segundo**.- Notificar o acordo á adxudicataria "EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA" así como ao Director da Obra, para o seu coñecemento e efectos.

**3º.- APROBACIÓN DAS BASES DO CONCURSO DE ENTROIDO EN REDES 2022, DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.-**

Proposta de Alcaldia:

**" CONCELLO DE VALDOVIÑO. ENTROIDO 2022**

O Concello de Valdoviño convida a todos os seus veciños a sumarse á iniciativa "ENTROIDO EN REDES 2022" que se poñerá en marcha a través das redes sociais do Concello, coa intención de contribuir a preservar a festa cíclica do entroido coa intencionalidade de poder o vindeiro ano retomar nas condicións habituais a celebración en presencial para participantes e público acompañante.

**O ENTROIDO EN REDES.**

1. Poderase participar nas seguintes categorías :

*Fotografía individual

*Fotografía grupo

*Vídeo individual e vídeo parella

*Vídeo de grupo e ou comparsa con unha canción. Grupo mínimo de tres persoas.

*Video de grupo e ou comparsa con unha parodia. Grupo mínimo de tres persoas.

FIRMADO POR Carlota González Navarro (FECHA: 14/02/2022 12:10:00) , Alberto González Fernández (FECHA: 14/02/2022 16:26:00)
Versión imprimible
CVD: kVw/S5zeQ8SVRyGZPpos
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Carlota González Navarro (FECHA: 14/02/2022 12:10:00) , Alberto González Fernández (FECHA: 14/02/2022 16:26:00)
Versión imprimible
CVD: kVw/S5zeQ8SVRyGZPpos
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Os interesados poderán participar en todas as categorías que desexen sempre e cando o disfrace sexa claramente diferente en cada unha das mesmas, isto é: non serán considerados como válidos a presentación en varias categorías de fotografías ou vídeos da mesma persoa usando o mesmo disfrace aínda que sexa con distintos complementos. No caso de grupos con cancións e parodias o caso é igual : se se quere presentar unha segunda canción ou parodia, a indumentaria da comparsa ou grupo terá que ser diferente da primeira.

2. Para participaren, os interesados deberán enviar entre **o 24 de febreiro e as 14,00 horas do 3 de marzo** , as fotografías e/ou vídeos ao correo electrónico culturavaldovino@gmail.com acompañado/s da folla de solicitude de participación cuberta que poderán descargar da páxina web do concello www.concellodevaldovino.com ou ben recoller presencialmente na casa de cultura Na Solicitude de participación terán que facer constar os seguintes datos : nome e apelidos dos participantes, concello de empadroamento, teléfono, categoría na que concursa, autorización para cesión de imaxes e autorización de participación se fose menor.

**NON SERÁN TIDAS EN CONTA AS FOTOGRAFÍAS E VÍDEOS DAS QUE NON SE ENVIASE FOLLA DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DEBIDAMENTE CUMPRIMENTADA.**

As fotografías e vídeos presentados correctamente mostraranse nas redes sociais do Concello de Valdoviño .

Todas as fotografías e vídeos enviados participarán nun concurso no que serán elixidas as mellores fotografías e vídeos do ENTROIDO 2022 .

3. As mellores fotografías e vídeos de cada categoría recibirán vales para consumo en comercio local segundo se indica :

Fotografía individual. 1 vale de 50,00 euros para consumo en empresa local para cada unha das tres mellores fotografías seleccionadas entre todas as participantes nesta categoría.

Fotografía grupo. 1 vale de 50,00 euros para consumo en empresa local para cada unha das tres mellores fotografías seleccionados entre todas as participantes nesta categoría.

Vídeo individual e/ou vídeo parella. 1 vale de 75,00 euros para consumo en empresa local para os dous mellores vídeos seleccionados entre todos os participantes nesta categoría.

Vídeo de grupo e ou comparsa con unha canción (tres ou máis componentes). 1 vale de 200, 00 euros para consumo en empresa local para o primeiro mellor vídeo seleccionado entre todos os participantes nesta categoría. E 1 vale de 100,00 euros para consumo en empresa local para o segundo mellor vídeo seleccionado entre todos os participantes nesta categoría.

Video de grupo e ou comparsa con parodia (tres ou máis componentes). 1 vale de 200, 00 euros para consumo en empresa local para o primeiro mellor vídeo seleccionado entre todos os participantes nesta categoría. E 1 vale de 100,00 euros para consumo en empresa local para o segundo mellor vídeo seleccionado entre todos os participantes nesta categoría.

No caso de que algunha categoría careza de participantes ou non se asignen todos os vales de consumo na mesma, o xurado poderá tomar a decisión de destinar o importe deses vales a outras categorías sempre e cando non se supere o importe total estipulado para esta convocatoria.

4.- A información acerca dos vídeos ganadores darase a coñecer entre os días 4 e 5 de marzo a través das redes sociais do concello así como na súa páxina web. Asimesmo, chamarase aos seleccionados para confirmar a súa asistencia na data oficial de entrega do vale que se fará nun acto que terá lugar o día 6 de marzo ás 18,00 horas no auditorio da Casa de Cultura. Será de obrigado cumprimento a asistencia de polo menos unha persoa por vale que, no caso de non poder asistir , deberá comunicar a asistencia dun representante para recoller o vale, caso contrario e salvo caso de forza maior, o obsequio será desestimado para esa persoa ou grupo.

5.-Pregamos que na medida do posíbel se elaboren os disfraces con materiais e obxectos dos que se dispoñan nas propias casas, polo que a orixinalidade e creatividade serán puntos a ter en conta.

6.- Nas categorías que supoñan disfrace en grupo será preciso que haxa unha temática común que englobe a todos os disfrazados.

7. Na categoría de vídeos realizarase unha gravación cunha duración máxima de 3 minutos.

8.-As fotografías e vídeos teñen que ser tomados no presente ano 2022.

9.-Dado o carácter humorístico desta festa tradicional, o Concello de Valdoviño non asumirá responsabilidade algunha acerca dos disfraces participantes, non obstante , non se aceptarán fotografías e vídeos que reflictan comportamentos ilegais, vexatorios ou de mal gusto que excedan o espírito crítico, satírico e lúdico do Entroido.

Valdoviño, a 7 de febreiro de 2022.
Alcalde, Alberto González Fernández".

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede.**

**4º.- PARTICIPACIÓN NA SUBVENCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE CULTURA "LER CONTA MOITO 2022".-**

Proposta de Alcaldía:

FIRMADO POR Carlota González Navarro (FECHA: 14/02/2022 12:10:00) , Alberto González Fernández (FECHA: 14/02/2022 16:26:00)
Versión imprimible
CVD: kVw/S5zeQ8SVRyGZPpos
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

“Vista a ORDE do 20 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento CT236A ) publicada no DOG núm. 14 do venres 21 de Xaneiro de 2022.

PROPONSE

Participar en dita convocatoria para programar actividades de dinamización da lectura na Biblioteca Pública Municipal de Valdoviño, biblioteca pública de titularidade municipal integrada na Rede de bibliotecas públicas de Galicia sobre a base do catálogo LER CONTA MOITO 2022 de actividades de animación á lectura que a Secretaría Xeral de Cultura pon a disposición con tal fin.

Solicitarese un mínimo de dúas actuacións para realizar antes do 25 de outubro que, de ser o caso serían financiadas por este programa ata un 75% tendo que aportar o concello o restante 25% dando cumprimento a estos e os demais requisitos da convocatoria e asumindo que no caso de non resultar beneficiados da subvención, o concello asumirá o custo do total do programa cos seus propios fondos ata un importe total máximo de 3000,00 euros (tres mil euros).
Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 2 de febreiro de 2022.
O alcalde: Asdo.: D. Alberto González Fernández”.

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede.**

**5º.- PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA “REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA 2022”.-**

Proposta de Alcaldía:

“Vistas as *Bases reguladoras da programación da Rede Cultural da Deputación da Coruña e convocatoria para 2022* publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 10 de luns 17 de xaneiro de 2022

**PROPONSE**

Participar en dita convocatoria de solicitude de espectáculos denominada REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA CONVOCATORIA PARA 2022 que abrangue os programas de difusión cultural denominados :

ESCENA AO VIVO. Categoría profesional ,

- Programa de espectáculos profesionais de teatro, monicreques, maxia, danza e música para concellos

VISIÓNS. Categoria profesional,

FIRMADO POR Carlota González Navarro (FECHA: 14/02/2022 12:10:00) , Alberto González Fernández (FECHA: 14/02/2022 16:26:00)
Versión imprimible
CVD: kVw/S5zeQ8SVRyGZPpos
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Programa de cinema e contidos audiovisuais para concellos

ALICERCE. Categoría non profesional,

- Programa de grupos de música, danza e teatro non profesionais para concellos .

LÍNGUA A ESCENA. Categoria profesional.

- Programa de espectáculos profesionais de música, teatro, danza, narración oral e monicreques con contidos específicos orientados á dinamización social da língua galega, para concellos.

O Concello de Valdoviño fará unha solicitude titular axustada aos límites máximos de achega económica da Deputación atendendo á tipoloxía de concello que se indica na convocatoria e, a maiores, manifestará tamén na solicitude de participación o interese en tomar parte do remanente xerado na deputación por parte doutros concellos derivado das súas xestión con respecto ao programa de Rede Cultural coa finalidade de, se se dera o caso, ampliar a programación superando o límite económico da achega inicial da Deputación presentando para isto unha solicitude complementaria cos espectáculos ordenados e priorizados.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 3 de xaneiro de 2022.
O alcalde:
Asdo.: D. Alberto González Fernández.

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede.**

**6º.- PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN E SOLICITAR Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA A TRAVÉS DO PROGRAMA F0206/2022 SUBVENCIÓN PARA "MANTEMENTO DE POSTO DE TRABALLO DE TÉCNICO MUNICIPAL EN XESTIÓN CULTURAL".-**

Proposta de Alcaldia:

Vistas as Bases Reguladoras, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou creación de postos de traballo de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2022 publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 14 de data 21 de xaneiro de 2022, sendo de gran interese para esta alcaldía solicitar subvención para mantemento do persoal técnico en Xestión Cultural.

PROPONSE,

Participar en dita convocatoria de subvención e solicitar á Deputación da Coruña a través do programa FO206/2022 subvención para "Mantemento de posto de traballo de técnico municipal en xestión cultural" ó abeiro da citada convocatoria. Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 8 de febreiro de 2022.
O alcalde: Asdo.: D. Alberto González Fernández.

FIRMADO POR Carlota González Navarro (FECHA: 14/02/2022 12:10:00) , Alberto González Fernández (FECHA: 14/02/2022 16:26:00)
Versión imprimible
CVD: kVw/S5zeQ8SVRyGZPpos
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Carlota González Navarro (FECHA: 14/02/2022 12:10:00) , Alberto González Fernández (FECHA: 14/02/2022 16:26:00)
Versión imprimible
CVD: kVw/S5zeQ8SVRyGZPpos
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede**

**7º.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E A AGRUPACIÓN MUNICIPAL DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE VALDOVIÑO PARA REGULAR A COLABORACIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO AOS EFECTOS DE SUFRAGAR GASTOS QUE DERIVEN DAS ACTIVIDADES QUE SE REALICEN DURANTE O ANO 2022 E AUTORIZAR O GASTO QUE DERIVA DAS AXUDAS PREVISTAS NAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.-**

PROPOSTA DE ALCALDIA:

"Vista a base número 53º das Bases de execución do orzamento municipal do Concello de Valdoviño para o ano 2022 se contemplan unha serie de axudas e subvencións públicas entre as que consta a colaboración económica coa Asociación de Voluntarios de Protección Civil de Valdoviño para axudar a soportar os gastos que derivan do funcionamento da dita entidade con cargo á aplicación orzamentaria 130.489.00 por importe de 10.000 €.

Visto o informe elaborado pola intervención núm. EMP 3/2022 de fiscalización previa da proposta de Alcaldía de aprobación do Convenio para a concesión da subvención nominativa a favor da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil que deriva da realización de actividades durante o ano 2022 pola devandita Agrupación (Expediente núm. 2022/A005/000001), asinado en data 4 de febreiro do 2022.

En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía

**PROPÓN**

**Primeiro**.- Aprobar o convenio de colaboración que se acompaña aos efectos de sufragar os gastos que deriven das actividades e funcionamento que se realicen durante o ano 2022, establecemento os dereitos e obrigas das partes e que se reproduce de seguido

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E A AGRUPACIÓN MUNICIPAL DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE VALDOVIÑO PARA REGULAR A COLABORACIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO AOS EFECTOS DE SUFRAGAR GASTOS QUE DERIVEN DAS ACTIVIDADES QUE SE REALICEN DURANTE O ANO 2022**

**En Valdoviño, a 20 de xaneiro do 2022**
**REUNIDOS**
Dunha a parte, Alberto González Fernández con D.N.I. núm. [redacted] Alcalde do Concello de Valdoviño, en nome e representación da entidade local.

Doutra parte, Francisco Dopico Amado con D.N.I. núm. [redacted] en nome e representación da Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil de Valdoviño, en calidade de Presidente da mesma.

**MANIFESTAN**

Ámbolos dous interveñen en representación e coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, recoñecéndose reciprocamente as partes intervintes a necesaria capacidade xurídica e lexitimación para convir e subscribir o presente convenio, conforme as seguintes:

**CLÁUSULAS**

**Primeira.-**

É obxecto do presente convenio fixar un marco de colaboración económica entre o Concello de Valdoviño e a Agrupación Municipal Voluntarios do mesmo concello (AVPC, en adiante), toda vez as funcións a desenvolver pola dita Agrupación determina a posibilidade de que nesta entidade local se presten servizos de protección civil e que se poida actuar inicialmente ante calquera situación de emerxencia que se detecte coa máxima celeridade e profesionalización, tal e como se establece no artigo 25 da Lei 7/1985, do 4 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 10 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, toda vez o Concello non ten un servizo municipal propio de protección civil e de xestión de emerxencias, por non resultar obrigatorio segundo a normativa citada para os concellos de menos de 20.000 habitantes, e ser imposible o sostemento económico do citado servizo.

**Segunda.-**

En virtude das tarefas desenvolvidas pola AVPC, visto o intereses xeral dos veciños/as que se van a prestar e conforme o artigo 49.f) da Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, o Concello de Valdoviño comprométese a axudar económicamente a dita entidade mediante a consignación dunha axuda nominativa nos orzamentos xerais do ano 2022. Así, en concreto na base de execución nº 53 establécese unha axuda de 10.000 € a favor da dita entidade para sufragar gastos referidos a gastos de mantemento como son os que derivan ou derivarán do pagamento do seguro de cobertura de riscos de accidentes, responsabilidade civil, de vehículos, correos, vestimenta, mantemento programa de xestión AVPC, gastos postais, adecuación de local, material sanitario e outro material funxible necesario para o funcionamento da AVPC, o dito importe atópase consignado na aplicación orzamentaria 130.489.00.

**Terceira.-**

Tal subvención servirá para financiar os gastos correntes relacionados co mantemento da AVPC, nos que incorra entre 1 de xaneiro de 2022 e 31 de decembro de 2022, sempre e cando non se perciban outras axudas (públicas ou de entidades privadas) para o mesmo fin, que sumadas á concedida polo concello determinen un importe superior ao gasto realizado. A subvención poderá acadar ata o 100% do custo que se xustifique mediante gasto realizado (xustificando tamén o pagamento) para os fins indicados.

**Cuarta.-**

A AVPC comprométese a destinar o importe da cantidade recibida á finalidade prevista no presente convenio, e a colaborar coas autoridades competentes na realización de tarefas relacionadas coa protección civil.

**Quinta.-**

Conforme o artigo 51.4 do Decreto 56/2000, de 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia, a vinculación dos voluntarios da AVPC co Concello de Valdoviño (...) *no terá carácter de relación laboral, administrativa, funcionarial ou mercantil, sino tan solo de colaboración voluntaria para a prestación de servizos de maneira altruísta como medio de realización de acción humanitarias e de solidariedade social.*

**Sexta.-**

A AVPC deberá cumprir os de requisitos establecidas no artigo 51 do Decreto 56/2000 de 3 de marzo para o persoal voluntario

*1. Terán a condición de voluntarios de protección civil todas aquelas persoas físicas que con carácter altruísta se comprometan a colaborar cos servizos de protección civil, integrándose nunha AVPC.*

FIRMADO POR Carlota González Navarro (FECHA: 14/02/2022 12:10:00) , Alberto González Fernández (FECHA: 14/02/2022 16:26:00)
Versión imprimible
CVD: kVw/S5zeQ8SVRyGZPpos
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*2. Só poderán ser voluntarios de protección civil as persoas maiores de idade. Os maiores de 16 anos e menores de 18 só poderán figurar como voluntarios de apoio, sempre que conste a autorización do que exerza a patria potestade ou a tutela.*
*3. Os voluntarios de protección civil non terán a condición de autoridade e actuarán por orde e baixo a dependencia de quen teña atribuída esa función colaborando cos servizos públicos correspondentes.*
*4. A vinculación dos voluntarios coa agrupación na que se integren non terá o carácter de relación laboral, administrativa, funcionarial ou mercantil, senón tan só de colaboración voluntaria para a prestación de servizos de maneira altruísta como medio de realización de accións humanitarias e de solidariedade social.*
*5. As AVPC poderán establecer requisitos de acceso para os seus voluntarios, sen que en ningún caso poidan facerse discriminacións por razóns de sexo, políticas, ideolóxicas, relixiosas ou calquera outra circunstancia persoal ou social.*
*6. Con carácter xeral, a condición de voluntariado dunha AVPC poderá ser:*

*a) Operativo, cando pola súa idade, maior de dezaoito anos, e aptitude psicofísica, poida realizar con normalidade calquera actividade relacionada coa protección civil. Un voluntario na súa condición de operativo non poderá formar parte máis que dunha soa AVPC.*

*b) De apoio, cando ben pola súa idade, menor de dezaoito anos e maior de dezaseis anos, e/ou aptitude psicofísica, soamente poida efectuar determinados labores de axuda e colaboración co voluntario operativo, fundamentalmente de apoio loxístico.*

*c) Honoríficos, todas aquelas persoas que durante o transcurso da súa vida realizaron actuacións heroicas e/ou actos sobresaíntes en materia de protección civil no seo desa agrupación.*

*7. Os voluntarios só poderán pertencer a unha AVPC sen prexuízo de realizar tarefas de voluntariado noutras por tempo determinado se así o autorizasen as agrupacións afectadas.*

Neste senso, é preciso recordar os deberes dos voluntarios no exercicio do seu labor de colaboración que enuncia o artigo 53 do citado Decreto 56/2000 de 3 de marzo
*a) Gardar, cando proceda, confidencialidade da información recibida e coñecida durante o desenvolvemento da súa actividade como voluntario de protección civil.*
*b) Rexeitar calquera tipo de contraprestación económica que puidese recibir dos cidadáns afectados directa ou indirectamente polas actividades desenvolvidas.*
*c) Actuar de forma dilixente e solidaria, cumprindo coas indicacións e normas ditadas polos seus mandos naturais e as autoridades de protección civil.*
*d) Participar nas tarefas formativas previstas pola autoridade competente de protección civil ou pola AVPC, así como nas que con carácter permanente se precisen para mantela calidade das prestacións.*
*e) Empregar axeitadamente a vestimenta de protección civil cos seus distintivos, así como levar ben visible a súa acreditación.*
*f) Coidar e utilizar de xeito adecuado os recursos e medios materiais que poña á súa disposición a AVPC, ou, de se-lo caso, as autoridades de protección civil.*
*g) Devolverlle a tarxeta de identidade e o uniforme ó responsable da AVPC, así como o material asignado á súa custodia, no caso de causar baixa nela por calquera circunstancia.*

A AVPC debe contar con un seguro de accidentes así como de responsabilidade civil por danos a terceiros que ampare aos seus membros fronte aos riscos que están sometidos no exercicio das funcións descritas e a dita agrupación debe estar inscrita no rexistro de protección civil da Comunidade Autónoma.

**Sétima.-**

Antes da adopción do acordo de outorgamento da subvención, a AVPC deberá presentar a solicitude acompañada da seguinte documentación:
1.- Copia compulsada do CIF da AVPC e do regulamento da dita AVPC, así como o xustificante de inscripción no rexistro de protección civil da Comunidade Autónoma.

FIRMADO POR Carlota González Navarro (FECHA: 14/02/2022 12:10:00) , Alberto González Fernández (FECHA: 14/02/2022 16:26:00)
Versión imprimible
CVD: kVw/S5zeQ8SVRyGZPpos
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2.- Certificados emitidos polo Secretario/Secretaria da AVPC que acredite quen son os membros da Xunta Xestora, e especificamente que ostenta a representación da mesma aos efectos da sinatura do convenio.
3.- Declaración responsable, asinada polo representante legal da entidade no seu nome, de non estar (nin a entidade nin os seus representantes) en ningún suposto de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas, unida á declaración de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias (autonómicas, estatais e locais) e de Seguridade Social (art. 14.1.e) LXS).
4. – Relación dos gastos (conceptos e importes) nos que prevé incorrer e ingresos que prevé recibir para o mantemento da AVPC.
5.- Declaración responsable do conxunto das subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e período obxecto de subvención. A estes efectos, indícase que esta subvención, dende o puntos de vista do Concello, é compatible coa percepción doutas subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, sempre que, en ningún caso, a súa contía, engadida á da subvención outorgada polo Concello, supere o custe da actividade subvencionada.
6.- Declaración responsable en nome da AVPC, comprometéndose a presentar xustificación da axuda conforme se determina na cláusula seguinte.
7.- Certificado referido ao carácter deducible ou non do IVE que lle é repercutido polos gastos subvencionados.

O pagamento da subvención efectuarase mediante ingreso na conta bancaria sinalada a tal efecto polo beneficiario, unha vez sexa asinado o convenio. Establece o carácter prepagable da subvención nun 50% da mesma. Este pagamento terá a consideración de pago a conta, e non se require constitución de aval algún ao beneficiario en garantía do mesmo.

**Oitava.-**

A AVPC deberá presentar no prazo de 3 meses, a contar dende o día seguinte á notificación da concesión da axuda ou pago efectivo da mesma, podándose solicitar ampliación do prazo de xustificación motivada, ata a data de vixencia do convenio (31-12-2022), a seguinte documentación xustificativa do emprego da subvención outorgada:
1.- Conta xustificativa (relación de facturas con conceptos e importes que se presentan coma xustificación da subvención), e copias compulsadas de facturas orixinais, axeitadas ao establecido no RD 1619/2012, previamente a compulsa farase constar nos orixinais, mediante dilixencia nas mesmas, que se corresponden con gasto subvencionados polo concello, quedando as copias compulsadas no expediente, unha vez dilixenciadas, aos efectos dun control de concorrencia de subvencións. Tamén deberán presentarse xustificantes dos pagamentos realizados a través de transferencias bancarias aos proveedores co selo da entidade financeira, ou con código de verificación, ou coa copia do cheque nominativo emitido e xustificante do seu cargo na conta acreditando pola entidade financeira do mesmo xeito. Achegarase tamén unha memoria das actuacións realizadas, firmada en todas as follas, e declarando o cumprimento da finalidade da axuda.
2.-Certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa seguridade social, e declaración de non ter percibido/solicitado outras axudas para o mesmo fin, ou declaración de que as solicitadas/concedidas non superan o total do gasto realizado.
3.-Xustificación de ter dado publicidade á colaboración económica do concello, ben por medios escritos, Internet ou mediante fotografía correctamente testemuña da publicidade da subvención percibida do Concello pola entidade beneficiaria, aos efectos da necesaria publicidade da mesma (art. 18.4 LXS). Se a documentación xustificativa achegada, non se presenta completa e correcta, conforme ao establecido neste convenio e na Lei Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento, efectuarase requirimento outorgando prazo non inferior a 10 días, nin superior a un mes para emendar os defectos observados. Transcorrido o dito prazo sen recibirse a emenda da documentación, procederase a incoación do expediente de reintegro, este expediente poderá ser polo total, no caso de non xustificarse a realización de ningún gasto, de xustificarse inadecuadamente ou, tamén poderá ser parcial, no caso de que polo órgano competente se considere que queda acreditada a realización da actividade, por xustificarse algún gastos pero que non acade o importe subvencionado.

FIRMADO POR Carlota González Navarro (FECHA: 14/02/2022 12:10:00) , Alberto González Fernández (FECHA: 14/02/2022 16:26:00)
Versión imprimible
CVD: kVw/S5zeQ8SVRyGZPpos
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**Cuestións Adicionais.-**

A AVPC, sométese ás actuacións de comprobación e control que realice o órgano local competente ou a Intervención do Concello, estando obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida por eles no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das cantidades libradas, de conformidade cos termos regulados na Lei 38/2003. Igualmente de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a AVPC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leve a cabo dito órgano de control externo, e no seu caso ao disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas.

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións do presente convenio ou requirimentos de xustificación que poida facer a Intervención ou o órgano municipal competente.

O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2022.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio poderá constituírse unha comisión integrada por un representante de cada unha das partes asonantes, nomeados polo Presidente do Concello e polo órgano estatutariamente competente da AVPC.

Son causas de resolución do presente convenio a renuncia de calquera das partes e/ou o incumprimento total ou parcial das obrigas estipuladas por parte de calquera dos asinantes.

Dada a natureza xurídico pública do presente convenio, as controversias que puidesen xurdir na aplicación do mesmo, serán resoltas pola xurisdición contencioso administrativa.

As partes asinantes declaran de obrigado cumprimento todo o consignado no presente convenio de carácter administrativo e sométense ao mesmo, ás bases de execución do Orzamento Xeral do Concello de Valdoviño (que a AVPC declara coñecer), e á normativa de aplicación na materia.

E en proba da súa conformidade asinan o presente convenio por triplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

| | |
|---|---|
| O alcalde: | O representante da entidade beneficiaria: |
| Asdo.: Alberto González Fernández. | Asdo.: Francisco Dopico Amado. |

**Segundo**.- Dispoñer o crédito e recoñecer a obriga de pago do 50% da subvención prepagable concedida á Asociación de Voluntarios de Protección Civil de Valdoviño para axudar a soportar os gastos que derivan do funcionamento da dita entidade no ano 2022 que se imputará a aplicación orzamentaria do estado de gastos de 130.489.00 do orzamento municipal vixente.

**Terceiro**.- Dar conta deste acordo á Asociación de Voluntarios de Protección Civil de Valdoviño e requerirlles para que compareza o seu representante coa documentación que se establece no propio convenio para asinar o mesmo.

*Documento asinado electrónicamente polo alcalde, Alberto González Fernández".*

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede.**

**8º.- CANCELACIÓN DE GARANTIA DEFINITIVA DO SERVIZO AULA DA NATUREZA, PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA, DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.-**

FIRMADO POR Carlota González Navarro (FECHA: 14/02/2022 12:10:00) , Alberto González Fernández (FECHA: 14/02/2022 16:26:00)
Versión imprimible
CVD: kVw/S5zeQ8SVRyGZPpos
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA referente a cancelación da garantía definitiva do servizo Aula da Natureza, Punto de Atención á Infancia do Concello de Valdoviño

Tendo en consideración o apartado 26 do Prego de Cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación do Servizo da Aula da Natureza, Punto de Atención á Infancia do Concello de Valdoviño mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración que se non resultaren responsabilidades que tivesen que exercitarse sobre a garantía e transcorrido o prazo da mesma -tres meses-, no seu caso, ditarase acordo de devolución da garantía ou de cancelación do aval.

Conforme o Informe emitido pola Educadora Social do Concello de Valdoviño queda acreditado que a obriga garantida cumpre a satisfacción do Concello de Valdoviño, de tal maneira que non existe responsabilidades que se poidan esixir contra BOLBORETA S.C. con C.I.F. núm. J70397567 en garantía do servizo Aula da Natureza, Punto de Atención á Infancia do Concello de Valdoviño.

Visto o Informe favorable emitido pola Tesourería municipal referido a devolución da garantía depositada pola empresa adxudicataria BOLBORETA S.C. con C.I.F. núm. J70397567.

En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

**PROPONSE**

Devolver o aval bancario núm. 320190000145 datado o 17 de xuño do 2019 por importe de TRES MIL CINCO CENTOS SESENTA EUROS (3.560,00 €) pola cesión do contrato de servizo para a xestión da aula da natureza, Punto de Atención á Infancia, do Concello de Valdoviño.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández"

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da precedente proposta de Alcaldía, debendo darse traslado aos servizos económicos municipais do dito acordo a os efectos de que realicen o trámite de devolución de aval e notificación á empresa.**

**9º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE URBANISMO.-**

*A.- Expte. de obra maior*.-

**.- Expte. de obras 216/2021.- FRANCISCO JAVIER CASTRO MARTINEZ (en su representación Francisco Javier Piñón Carro).-** Para as obras de reforma interior e ampliación de vivenda existente no [redacted] parroquia de Valdoviño en solo clasificado como **S.N.U. DE NUCLEO RURAL ZONA DE EDFICACION RESIDENCIAL AISLADDA Y SUELO NO URBANIZABLE (COMUN) ,** e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada polos arquitecto Francisco Javier Piñón Carro

FIRMADO POR Carlota González Navarro (FECHA: 14/02/2022 12:10:00) , Alberto González Fernández (FECHA: 14/02/2022 16:26:00)
Versión imprimible
CVD: kVw/S5zeQ8SVRyGZPpos
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente e que é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 8 de febreiro de 2022 en sentido **FAVORABLE.**

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro**.- **Conceder** licenza para sas obras de reforma interior e ampliación de vivenda existente no [redacted] parroquia de Valdoviño, licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Segundo**.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Francisco Javier Piñón Carro e ás condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓNS DA LICENZA) de data 8 de febreiro de 2022, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Terceiro**.- **APROBAR** a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose: Taxas 132,32 €. ICIO.- 608,69 €.

**Cuarto.- Aproba**r o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses .

**Quinto**.- Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

Valdoviño, 9 de febreiro de 2022
O Alcalde,
Asinado/Alberto González Fernández"

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede.**

*B.- Expte. de obra maior*.-

**.- Expte. de obras 211/2021.- Mª TERESA LÓPEZ BLANCO (en su representación Iván López Caaveiro).-** Para as obras de reforma interior e ampliación de vivenda existente no [redacted] Valdoviño en solo clasificado como **S.N.U. DE NUCLEO RURAL ZONA DE EDFICACION RESIDENCIAL AISLADDA Y SUELO NO URBANIZABLE (COMUN) ,** e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada polos arquitectos Iván López Caaveiro, Uxío López Álvarez e Manuel Amado Fernández.

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente e que é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 3 de febreiro de 2022 en sentido **FAVORABLE.**

FIRMADO POR Carlota González Navarro (FECHA: 14/02/2022 12:10:00) , Alberto González Fernández (FECHA: 14/02/2022 16:26:00)
Versión imprimible
CVD: kVw/S5zeQ8SVRyGZPpos
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro**.- **Conceder** licenza para sas obras de reforma interior e ampliación de vivenda existente no [redacted] Valdoviño, licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Segundo**.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polos arquitectos Iván López Caaveiro, Uxío López Álvarez e Manuel Amado Fernández e ás condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓNS DA LICENZA) de data 3 de febreiro de 2022, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Terceiro**.- **APROBAR** a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose: Taxas 620 €. ICIO.- 2.852,03 €.

**Cuarto.- Aproba**r o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses .

**Quinto**.- Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

Valdoviño, 8 de febreiro de 2022
O Alcalde,
Asinado/Alberto González Fernández”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede.**

PARTE ACTIVIDADE

**<u>10º.- ROGOS E PREGUNTAS.-</u>**
Non se formularon rogos nen preguntas

Sen ningún outro asunto a tratar, sendo as dez horas e trinta minutos do día sinalado no encabezamento, a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente; da que, coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

*/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/*

FIRMADO POR Carlota González Navarro (FECHA: 14/02/2022 12:10:00) , Alberto González Fernández (FECHA: 14/02/2022 16:26:00)
Versión imprimible
CVD: kVw/S5zeQ8SVRyGZPpos
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR  Carlota González Navarro  (FECHA: 14/02/2022 12:10:00) ,  Alberto González Fernández  (FECHA: 14/02/2022 16:26:00)

Versión imprimible

CVD: kVw/S5zeQ8SVRyGZPpos
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.